

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL
AUGAS DE GALICIA E O CONCELLO DE MAZARICOS RELATIVO ÁS ACTUACIÓNS DE
MELLORA DA ACCESIBILIDADE AO COTO XALLAS-BEBA**

A Coruña, 20 de decembro de 2019

REUNIDOS

Dunha parte, Ethel María Vázquez Mourelle, conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, nomeada polo Decreto 95/2018, do 26 de setembro, en nome e representación da entidade pública empresarial Augas de Galicia, no exercicio das funcións atribuídas polos artigos 13 da Lei 9/2010 e 6 do Estatuto da entidade pública empresarial Augas de Galicia, aprobado polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro.

Doutra parte, Juan José Blanco Riveiro, Alcalde do Concello de Mazaricos, no exercicio das atribucións conferidas no artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local.

Todas as partes recoñécense mutuamente a capacidade legal suficiente na que interveñen para o outorgamento deste convenio de colaboración e para tal efecto

EXPOÑEN

Primeiro – Augas de Galicia, entidade creada pola Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia e regulada polo Decreto 32/2012, de 12 de xaneiro, polo que se aproba o seu estatuto é unha entidade pública empresarial do sector público autonómico de Galicia, adscrita á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins.

Segundo - Ao concello de Mazaricos correspóndenlle, entre outras, o exercicio das competencias en materia de protección do medio ambiente e en materia de xestión e conservación de camiños e vías públicas urbanas e rurais, conforme o disposto nos artigos 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia e 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Terceiro – O 07.11.2011 o xulgado do Penal núm. 1 da Coruña ditou sentenza no Procedemento abreviado 315/2009 no que se condenou á empresa Ferroatlántica, SL a indemnizar na contía de 305.954,33 euros a Xunta de Galicia, a Salmo Club de Pesca e a Federación Galega de Pesca polos danos ocasionados.



A sentenza determina que da dita indemnización 265.954,33 € corresponden á Xunta de Galicia, titular do ben xurídico tutelado, e que se deben empregar na rexeneración do ecosistema afectado.

Cuarto - O 14.05.2012 a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, Augas de Galicia, a Federación Galega de Pesca e o Club de Pesca Deportiva Salmo formalizaron un protocolo para establecer as pautas de coordinación para a recuperación do coto de pesca do río Xallas.



Quinto – Augas de Galicia no cumprimento da antedita sentenza e en coordinación coas demais partes afectadas, ten previsto executar o proxecto construtivo de “Mellora da accesibilidade ao Coto Xallas-Beba”. As obras obxecto deste proxecto consisten na renovación de sete pasos de pescadores e a creación de dúas plataformas de pesca en Colúns que permitan a práctica da actividade deportiva a persoas con mobilidade reducida. Parte dos citados pasos de pescadores e as plataformas executaranse dentro do termo municipal do Concello de Mazaricos.

Sobre a base do ata aquí exposto, as partes acordan formalizar este convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

O obxecto deste convenio é establecer as condicións básicas para a colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello Mazaricos para que, unha vez executadas as obras de “Mellora da accesibilidade ao Coto Xallas-Beba”, se formalice a entrega ao Concello de Mazaricos das infraestruturas que se atopen no seu termo municipal.

SEGUNDA. OBRIGAS DAS PARTES

Para o cumprimento do obxecto deste convenio:

As Augas de Galicia obrígase a:

1. Unha vez producido o acto formal de recepción das obras, poñer estas a disposición do concello, que asume a obriga de recibilas no momento no que estas sexan postas á súa disposición.
2. Durante o prazo de garantía das obras de referencia, reparar aqueles defectos imputables á súa execución e que se manifesten con posterioridade ao acto de recepción. Esta garantía non cubrirá os danos por un uso inadecuado das instalacións, nin os debidos a actos vandálicos, nin as deterioracións debidas ao paso do tempo.

B- O Concellos de Mazaricos obrígase a:

1. Recibir as obras realizadas no seu termo municipal, no ámbito da actuación “Mellora da accesibilidade ao Coto Xallas-Beba”, asumindo o concello o seu mantemento e conservación.

2. As infraestruturas que recibirá o Concello de Mazaricos atópanse nas parcelas do termino municipal de Mazaricos cuxas referencias catastrais detállanse no anexo I a este convenio.
3. Para estes efectos, Augas de Galicia, unha vez rematada a obra, notificará ao Concello que a obra foi recibida de conformidade por esta entidade. Cando os Concellos reciban a notificación suporá a perda da posesión inmediata das instalacións por parte de Augas de Galicia e equivalerá a súa posta a disposición a favor do Concello, entendendo que estas quedan sometidas á esfera da súa vontade.



Desta forma consideraranse entregadas e recibidas as obras de referencia aos respectivos concellos.

TERCEIRA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Constituirase a iniciativa de calquera das partes unha comisión de seguimento deste convenio, formada por dous representantes de cada unha das partes, que asumirá as seguintes funcións:

- 
- Impulsar e avaliar o cumprimento do convenio, propoñendo as actuacións que se consideren precisas.
 - Interpretar, en caso de dúbida, o contido deste convenio.
 - Propoñer ás partes a resolución das posibles controversias que puideran xurdir na súa aplicación.

Esta comisión reunirse as veces que se estimen oportunas para o cumprimento deste convenio.

CUARTA. NATUREZA DO CONVENIO

Este convenio de colaboración ten natureza administrativa, rexendo na súa interpretación e desenvolvemento o ordenamento xurídico-administrativo, sendo a xurisdición competente para resolver as cuestións litixiosas que poidan xurdir a contencioso-administrativa.

QUINTA. VIXENCIA DO CONVENIO

Este convenio entrará en vigor o día da súa sinatura, e manterá a súa vixencia ata que finalice o prazo de garantía das obras, co límite máximo do 31 de decembro de 2020.

SEXTA. EXTINCIÓN DO CONVENIO

Será causa de extinción automática do convenio:

- o cumprimento do seu obxecto
- o transcurso do seu prazo de vixencia

Ese convenio tamén poderá extinguirse por incorrer nalgunha das seguintes causas de resolución:

- o mutuo acordo entre as partes asinantes
- a inviabilidade da realización das actuacións descritas neste convenio, por causas non imputables ás partes

A resolución con causa nalgún dos supostos anteriores non levará asociada indemnización a ningunha das partes.

SÉTIMA. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos

dereitos dixitais e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

OITAVA. PUBLICIDADE

As partes asinantes consenten expresamente a inclusión e a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas neste convenio, no Portal de transparencia e Goberno aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

E para que así conste, en proba de conformidade coas cláusulas deste convenio, asinan as partes este documento por triplicado exemplar, no lugar e data do encabezado

A presidenta de Augas de Galicia



Ethel M^a Vázquez Mourelle

O alcalde do Concello de Mazaricos



Juan José Blanco Riveiro

ANEXO I. Referencias catastrais das parcelas nas que se encontrarán as infraestruturas executadas no ámbito da actuación “Mellora da accesibilidade ao Coto Xallas-Beba” que recibirá o Concello de Mazaricos



15046A02700078

15046A02200087

15046A02200009

15046A02200011

15046A02200012

15046A02200013

15046A02200014

15046A02200015
